CONCELLO DE SANTIAGO

15

PREGO APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA

23 MAR. 2018

SECCIÓN DE CONTRATACIÓN

Prego de condicións particulares que regulará a AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A COLOCACION DE POSTOS DURANTE AS FESTAS DA ASCENSION E DO APÓSTOLO NOS ANOS 2018 E 2019

1. OBXECTO E RÉXIME XURÍDICO

1.1. O presente prego ten por obxecto a AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PUBLICA NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A COLOCACION DE POSTOS DURANTE AS FESTAS DA ASCENSION E DO APÓSTOLO NOS ANOS 2018 E 2019 nos termos do Cadro resumo que figura no anexo 0 deste prego, axustándose, polo tanto, ás cláusulas que nel figuran.

1.2. Trátase dunha autorización administrativa de uso común especial de bens de dominio público, conforme ao disposto no art. 77.1 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

1.3. En atención ao disposto no artigo 77.2 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais e o artigo 96.3 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, o outorgamento da autorización será por licitación pública mediante convocatoria a publicar no Boletín da Provincia de A Coruña, sen prexuízo da súa publicación no perfil municipal de contratantes.

1.4. Independentemente dos dereitos e obrigas comprendidos no presente prego, o adxudicatario ou adxudicataria se someterán a calquera norma xurídica de ámbito municipal, autonómico ou estatal en vigor ou que poida ditarse, que afecte ao obxecto e contido da autorización e, especificamente, ás seguintes: Lei 7/1985 de 2 de Abril, de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local; Real Decreto 1372/1986 de 13 de Xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; Lei 33/2003 de 3 de Novembro de Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento, aprobado por RD 1373/2009, de 28 de agosto; e no que atinxe a capacidade de obrar e solvencia das persoas licitadoras, Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, Lei 39/15 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo, e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamiento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución da autorización, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de adxudicación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita Xurisdición.

CONCELLO DE SANTIAGO

2. ÓRGANO DE ADXUDICACIÓN

O órgano de adxudicación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello de Santiago de Compostela, é a Xunta de Goberno Local.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar a correspondente autorización e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretala, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, e revogala unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do adxudicatario ou adxudicataria á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3. PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E PARTIDA PRESUPOSTARIA

3.1. Non procede a revisión de prezos.

3.2 O prezo mínimo de saída que se establece é o recollido no apartado 3 do Cadro resumo da autorización (anexo 0).

4. DURACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA

A autorización para a ocupación da vía pública comprenderá o período recollido no apartado 5 do Cadro resumo da autorización (anexo 0).

5. PRAZO E LUGAR DE ENTREGA

Sen prexuizo do establecido no artigo 14 da Lei 39/15 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, as proposicións poderán ser presentadas:

- No Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela (R/ Presidente Salvador Allende no 4, CP 15705 Santiago-A Coruña), en horas de 9 a 14, dentro do prazo e horario sinalado no apartado 7 do Cadro resumo da autorización (anexo 0) deste prego.
- Nas oficinas de Correos, xustificando a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciando ao órgano de adxudicación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de adxudicación con posterioridade á data de terminación do prazo. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez presentada unha proposición non poderá ser retirada baixo ningún pretexto.

CONCELLO DE SANTIAGO

6. PROPOSICIÓNS DAS PERSOAS LICITADORAS, DOCUMENTACIÓN E OFERTAS

Poderán presentar proposicións as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A presentación de proposicións presume por parte das persoas licitadoras a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

7. DOCUMENTACIÓN

As proposicións entregaranse en dous sobres pechados asinados pola persoa licitadora ou por quen a represente, denominados A e B, e no exterior de cada un deles figurará o nome completo da persoa licitadora, a súa dirección a efectos de notificacións, o seu teléfono, fax ou correo electrónico, así como a seguinte referencia do expediente AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA NA ALAMEDA DE SANTIAGO DE .COMPOSTELA, PARA A COLOCACION DE POSTOS DURANTE AS FESTAS DA ASCENSION E DO APÓSTOLO NOS ANOS 2018 E 2019

7.1. SOBRE A. OFERTA ECONÓMICA

No SOBRE A incluirase a oferta económica, que deberá ser redactada conforme ao ANEXO I do presente prego.

Cada persoa interesada poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto da autorización, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas.

7.2. SOBRE B. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

No SOBRE B substituirase a presentación da documentación que se relaciona na cláusula 9 por unha declaración responsable indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.

A persoa licitadora, a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, será requirida no seu momento para que, no prazo de 10 días hábiles, acredite a posesión e validez dos documentos esixidos, dacordo co establecido na cláusula 9. En todo caso, o órgano adxudicante poderá solicitar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que as persoas licitadoras aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarias.

8. EXAME DAS PROPOSICIÓNS E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas convocarase a Comisión de valoración para a apertura destas en acto público. Informarase do día e hora de celebración desta no Perfil de Contratantes.

CONCELLO DE SANTIAGO

A comisión estará integrada por:

Presidencia: A persoa responsable da Concellería de Acción Cultural ou, no seu defecto, calquera outra persoa que expresamente delegue a Alcaldía.

Vogais: Un/unha representante de cada grupo político municipal.

Un/unha arquitecto/a municipal

Un/unha representante da Concellería de Acción Cultural (festas)

Director/a da Asesoría xurídica Municipal, ou persoa que o substitúa.

Interventor/a xeral municipal, ou persoa que o substitúa

Ostentará a Secretaría a persoa responsable da Xefatura da Sección de Contratación.

A Comisión avaliará as proposicións mediante os criterios de valoración que se recollen no apartado 5 do cadro resumo Anexo 0 do presente Prego, e formulará a proposta que considere pertinente ao órgano autorizante.

A Comisión poderá solicitar, antes de formular, a proposta, os informes cos que considere necesario que teñan relación co obxecto do contrato. A Comisión elevará as proposicións presentadas xunto coa acta e valoración ao órgano autorizante.

A adxudicación será a favor da oferta económicamente máis ventaxosa para o Concello.

9. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A ADXUDICACIÓN

O órgano autorizante requirirá ás persoas licitadoras propostas pola comisión para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia:

- Documentos acreditativos de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias (estatal e autonómica) e da Seguridade Social, mediante a presentación de orixinais ou copias auténticas das certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso.
- O Concello comprobará, de oficio, que a persoa licitadora proposta como adxudicataria non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.
- Documentación acreditativa da constitución de garantía definitiva por importe de 5.000,00 euros.

A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería Municipal.

CONCELLO DE SANTIAGO

- Documentación acreditativa da capacidade de obrar e solvencia económica, financeira e técnica, na forma seguinte:

  - Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios/as individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

  - As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscritas nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

  - As demais empresas estranxeiras deberá acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto da autorización.

  Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

  - Cando a persoa licitadora actúe mediante representante, deberá achegar documento fehaciente acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar.
  - Se varias empresas acoden á licitación constituíndo unha unión temporal, cada unha delas deberá acreditar a súa persoalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias das empresas que a subscriban, a participación de cada unha, así como o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas en caso de **conseguir a adxudicación** do contrato, e a designación dunha persoa representante ou apoderada única da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.
  - As persoas licitadoras deberán achegar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica. As empresas que liciten en unión temporal, deberán acreditar individualmente os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.
  - A solvencia económica e financeira acreditarase a través dos medios a que se refire o art. 87 da LCSP .

CONCELLO DE SANTIAGO

- A **solvencia técnica** acreditarase mediante:

1º A relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso dos últimos tres anos, acompañada de certificados de boa execución para as más importantes e

2º O compromiso de adscribir á execución do prestación da actividade na que se basea a presente autorización os medios persoais e materiais suficientes para levala a cabo adecuadamente, medios que, de acordo co disposto nas prescricións técnicas do presente prego, deberán detallar na súa oferta, e cuxa efectiva adscrición considérase obriga esencial aos efectos previstos no artigo 211f) da LCSP. (art. 76 LCSP).

Aos efectos previstos no apartado anterior, os certificados de inscripción que sexan expedidos polos órganos competentes da levanza das listas oficiais de empresas autorizadas para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea, referidos a empresas establecidas no Estado membro que expide o certificado, constituirán una presunción de aptitude con respecto aos requisitos de selección cualitativa que neles figuren neles (artigo 97 da LCSP).

Tales medios de acreditación poderán ser substituidos polos que consten no certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, da Deputación Provincial de A Coruña ou do Concello de Santiago, que se acheguen por quen opta á licitación, ou pola acreditación dunha clasificación suficiente.

- Declaración responsable de non estar incursa a persoa licitadora nas prohibicións para contratar recollidas no art.°71 LCSP, que comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao torrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes (anexo II deste prego).
- As empresas estranxeiras achegarán unha declaración expresa de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois en calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir da autorización, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlle.

A presentación do certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia, Deputación Provincial da Coruña ou do Concello de Santiago de Compostela, eximiralle de aportar a seguinte documentación:

- A referida á personalidade e representación (capacidade de obrar), sempre que a representación sexa a mesma que conste no certificado achegado. Non obstante, poderase requirir a achega de dita documentación se fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

- Declaración responsable de non estar incursa a persoa licitadora nas prohibicións para contratar, salvo no que se refire ás circunstancias de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

impostas polas disposicións vixentes, respecto das que se achegarán en todo caso orixinais ou copias auténticas das certificacións expedidas polos órganos competentes en cada caso.

Os certificados de calquera dos Rexistros de Contratistas sinalados deberán ir acompañados en todo caso dunha declaración responsable na que a persoa licitadora manifeste que as circunstancias reflectidas no mesmo non experimentaron variación.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o se retirou a súa proposición, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación á seguinte persoa licitadora, pala orde en que queden clasificadas as ofertas.

10. ADXUDICACIÓN

A adxudicación será motivada, notificarase aos licitadores/as, e simultáneamente, publicarase no perfil de contratantes.

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que resulte admisible de conformidade cos criterios que figuran nos prego.

11. FORMALIZACION DA AUTORIZACIÓN

A formalización da Autorización efectuarase dentro dos 10 días hábiles a contar dende a data da notificación do outorgamento da autorización. O documento en que se formalice, ao que se unirá un exemplar do prego de condicións particulares, será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público. Poderá formalizarse en escritura pública cando así o solicite a adxudicataria sendo a súa costa os gastos derivados do seu outorgamento. Non poderá procederse ao aproveitamento sen a formalización da autorización.

Cando por causas imputables á adxudicataria seleccionada, non puidera formalizarse a autorización dentro do prazo sinalado, resolverase esta con indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, podendo adxudicarse ao licitador ou licitadores seguintes a aquela, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

12. CONTROL E INSPECCIÓN

Sen prexuízo das demais facultades que puidesen estar atribuidas a outras Administracións Públicas, o/a adxudicatario/a estará sometido de forma permanente e ao control e vixilancia da Policía Local e/ou os Servizos Técnicos Municipais, que terán acceso ao interior das instalacións e a cantos datos e documentos precisen e requiran para levar a cabo a súa tarefa.

CONCELLO DE SANTIAGO

13. REVOGACIÓN UNILATERAL

A autorización poderá ser revogada unilateralmente pola Administración concedinte en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

Cando se produciran por parte do/da adxudicatario/a danos no dominio público ou se menoscabara o uso xeral o/a adxudicatario/a non terá dereito á devolución da parte proporcional adiantada do canon satisfeito.

14. DEREITOS E DEBERES DO CONCELLO

14.1. O Excmo. Concello de Santiago de Compostela ten as prerrogativas de interpretar a autorización, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, e revogala unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público, con suxeición á normativa aplicable. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para coñecer as cuestións que poidan suscitarse durante o desenvolvemento e execución desta autorización demanial.

14.2. Pola súa banda, o Excmo. Concello de Santiago de Compostela queda obrigado a manter á persoa adxudicataria no pacífico uso e goce da autorización concedida.

15. DEREITOS E OBRIGAS DA PERSOA ADXUDICATARIA

Serán dereitos da persoa adxudicataria:

1. Ter o aproveitamento especial do dominio público de titularidade municipal na extensión e límites fixados neste prego administrativo, e ser mantido nese uso.
2. Explotar as instalacións dacordo coa normativa vixente que lle sexa de aplicación por razón da materia.
3. Percibir os ingresos derivados da actividade de venda.

Serán obrigas da persoa adxudicataria, ademais das comprendidas na Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións aplicables, as seguintes:

1. Durante o tempo de vixencia do contrato, quen obtivo a adxudicación poderá concertar con terceiras persoas, que reúnan os requisitos legais para exercer a actividade de que se trate, a ocupación do espazo outorgado; se ben deberá poñer en coñecemento do Concello a identidade das persoas así como a actividade que desenvolven.

En todo caso respectaranse as instrucións impartidas polo Concello, que por razóns de seguridade ou interese público poderá introducir variacións ou límites no desenvolvemento das tarefas por parte da persoa adxudicataria e das terceiras persoas contratadas.

CONCELLO DE SANTIAGO

2. Mantemento e conservación.- A perdoa adxudicataria ten a obriga de que a montaxe e desmontaxe dos postos, a retirada das mercancías e residuos, e o mantemento daqueles se faga nas debidas condicións de seguridade e limpeza. Tamén responde dos danos e prexuizos que poidan orixinarse coas instalacións e cos elementos instalados, podendo a tal efecto fixarse unha fianza dirixida a garantir esta obriga. Quedan expresamente prohibidas, ademáis das previstas noutros apartados deste prego, as seguintes actividades:

a) A venda de alimentos fora dos postos permitidos para iso.
b) A utilización de altofalantes ou outros elementos sonoros para facer publicidade comercial diferente da actividade propia do posto ou atracción.
c) Extender as instalacións fóra dos límites do posto o, en todo caso, do espazo autorizado.
d) Instalar elementos que entorpezan a colocación dos demáis postos ou que poidan molestar ou dificultar o tránsito peonil.

e) A circulación de vehículos fóra dos horarios autorizados o de peso superior ao permitido.

f) A adicación do posto de venda marcado no plano adxunto co número 1 a actividades que teñan que ver coa hostalería.

A emisión de ruído por parte das atraccións feirais deberá suxeitarse aos límites establecidos nas Ordenanzas de Protección do Medio Ambiente, considerándose a estes efectos o volume sonoro global producido por todo o recinto feiral. En calquera caso o volume da música e ruídos das atraccións non superará os 80 db(A). No caso de que algunha atracción sexa denunciada polo exceso de volume e se comprobe polos servizos técnicos municipais que existen molestias para a veciñanza, isto será motivo de peche inmediato da atracción polo que reste das festas e non se lle voltará a permitir a instalación no futuro nas festas de Santiago.

O Concello poderá acordar a supresión das emisións sonoras, cando se superen os límites regulamentariamente establecidos, ou impor a uniformidade da música ambiental en todo o recinto, mediante fío musical contratado e instalado polo propio Concello.

Deberán manterse limpas e en bo estado de conservación durante a utilización no prazo indicado as zonas outorgadas e espazos libres da súa contorna. Ademais, deberá instalar un valado na liña de separación fixada no plano adxunto co fin de delimitar a zona das atraccións e a zona libre da carballeira.

En calquera caso non se poderán ocupar con ningún tipo de material, vehículos, etc., as zonas que non sexan susceptibles de utilización e que figuren como libres no plano adxunto, segundo as instrucións que previamente sexan dadas polo persoal técnico do Concello.

Os vehículos, vivendas e remolques instalaranse nos aparcadoiros da contorna do Campo de San Lázaro.

CONCELLO DE SANTIAGO

A persoa adxudicataria deberá tomar as medidas previsoras necesarias para que a maior afluencia de persoas non cause detrimento nas plantas e mobiliario urbano consonte o establecido no artigo 76 da Ordenanza xeral de protección de medio ambiente urbano. Igualmente non se permitirán os actos a que se refire o artigo 78 da devandita Ordenanza en canto á protección de elementos vexetais, podendo aplicarse en caso de deterioro as correspondentes sancións, sen prexuicio de responsabilidade civil ou penal a que houbese lugar, así como indemnizar ao Concello dos danos que se puidesen producir.

Non se poden usar as árbores como punto de referencia para enganchar as mangueiras eléctricas, nin facer excavacións. Para tal efecto controlará este tipo de protecciónns no medio natural o departamento responsable de parques e xardíns municipal.

Igualmente deberá impedir calquera tipo de actividade vexatoria e mesmo a utilización de animais en espectáculos públicos polo que se prohiben atraccións con animais.

Non se emitirán sons a través das megafonías en nengunha das zonas de barracas, cando se estea actuando calquera tipo de atracción no palco da música ou na carpa que instalará o Concello.

Os horarios de apertura e peche das postas e atraccións e o volume da música que neles se utilice deberá axustarse as ordenanzas municipais de aplicación.

3. O espazo adicado ás carpas para pulperías adxudicarase independentemente, de tal xeito que non se poderá conceder todo o espazo ao mesmo utilitario/a, evitando así situacións de monopolio. As carpas para pulperías deberán contar con inodoros para uso do público.

As instalacións destinadas á venda de bebidas ou comidas, cumprirán todas as disposicións vixentes en materia de sanidade, estando o seu persoal en posesión da documentación que acredite formación e capacitación en materia de seguridade alimentaria.

Os prezos estarán expostos ó público nun lugar visible, entregarase ticket de consumición e facturarase no caso de que sexa solicitada a factura polo cliente.

4. Obras e instalacións.

- Non se permitirá ningún tipo de obra para levar a cabo o obxecto de utilización.
- A superficie non será alterada en ningún caso
- Os consumos da enerxia (electricidade, gasoil ou calquera outro) correrán por conta da persoa adxudicataria.

CONCELLO DE SANTIAGO

- Os vehículos utilizarán só a zona de acceso os espazos reservados para a montaxe.

- Como norma xeral, prohíbese o acceso a todo o recinto do parque a todo tipo de vehículos, agás nas fases de montaxe e desmontaxe. En todo caso, prohíbese o acceso aos vehículos con carga máxima superior a 7.000 kgs. con excepción dos remolques que teñan incorporada a actividade ou atracción.

- Ao remate do prazo de execución, a zona utilizada e a súa contorna deberá quedar en perfecto estado de conservación.

- Os aparellos instalados deberán contar con documentación vixente que acredite que cumpren toda a normativa aplicable en materia de seguridade para os/as usuarios/as. A estes efectos, a persoa adxudicataria deberá presentar diante do Concello:

  - 15 días antes do comezo do periodo de ocupacion, certificado anual vixente, expedido por persoal técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, no que se certifique a idoneidade dos aparatos ou atracciónns.

  - E, unha vez efectuada a montaxe das atracciónns, e dentro do prazo das 24 horas anteriores ao comezo do periodo de ocupación, un certificado técnico vixente, expedido por persoal técnico competente e visado polo colexio oficial correspondente, que certifique o correcto funcionamento do conxunto das atracciónns, así como un estudo básico de seguridade da montaxe e desmontaxe das mesmas, onde se indique tamén a dirección da montaxe e desmontaxe.

16. SANCIÓNS

O Concello de Santiago poderá impor á persoa adxudicataria multas de ata 30.000 euros por incumprimento das obrigas derivadas deste prego e da lexislación vixente, ou optar, se é o caso, por resolver automáticamente o contrato

17. RESPONSABILIDADE

Danos.- Correrá por conta da persoa adxudicataria a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas por causa da utilización do obxecto da concesión.

En caso de posibles danos en pavimentos, árbores, mobiliario, etc., as reparacións serán realizadas polo Concello con cargo á fianza, sen prexuízo da posible sanción.

A persoa adxudicataria deberá contar cun seguro de responsabilidade civil para cada unha das atraccións que cubra os eventuais danos a terceiras persoas, debendo estar en posesión do xustificante do pago da prima actualizado; asi mesmo deberá aportar copia actualizada de cada un dos seguros.

As pólizas contarán coas seguintes coberturas mínimas por sinistro:

- Atraccións para maiores de 12 anos: 600.000 euros, cun sublímite mínimo por vítima de 150.000 euros
- Atraccións para menores de 12 anos: 300.000 euros, con un sublímite mínimo por vítima de 90.000 euros.
- Casetas e postas varios: 300.000 euros, con un sublímite mínimo por víctima de 90.000 euros.
- Máquinas expendedoras, de forza, adiviñas, ou similares: 300.000 euros, con un sublímite mínimo por vítima de 90.000 euros

18. FACULTADE DA CORPORACION DE DEIXAR SEN EFECTO A AUTORIZACIÓN

O Concello poderá resolver a autorización nos supostos recollidos no artigo 100 da Lei de Patrimonio de Administracións públicas e ademais nos casos seguintes:

1. Por renuncia voluntaria do seu titular a seguir exercendo a actividade obxecto deste prego.

2. A falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigacións do/da titular da autorización, declarados polo órgano que outorgou a mesma.

3. Cando a persoa adxudicataria efectuare unha cesión da autorización a un terceiro, sen poñela en coñecemento do Concello .

4. O incumprimento de calquera das obrigas establecidas no presente prego.

5. Mutuo acordo entre o Concello e a persoa adxudicataria.

6. Caducidade por vencemento do prazo.

7. Falecemento, incapacidade, extinción da persoalidade xurídica da persoa adxudicataria, situación concursal, sen que exista dereito a indemnización ningunha. En caso do falecemento do/da autorizado/a individual, o órgano competente poderá acordar a continuación da relación xurídico-administrativa co herdeiro designado polo titular en declaración de última vontade e, en defecto de designación expresa do causante, cos seus herdeiros forzosos, a condición de que a responsabilidade da mesma sexa asumida por só un/unha deles/as ata que o Xuíz designe a quen lle corresponde como herdanza. O falecemento do autorizado/a individual deberá comunicarse ao Concello no prazo de dous meses. No prazo dos trinta días

seguintes deberá presentarse copia do certificado de defunción, copia da declaración de última vontade e, na súa falta, Auto de declaración de herdeiros ab intestato ou escritura do Acta de Notoriedade promovida ante Notario/a, aos mesmos efectos.

8. Cando de forma sobrevinda ao momento da formalización da autorización, o/a titular incorra nalgún dos supostos do art. 71 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público.

Os casos previstos nos apartados 1), 2), 3) e 4) desta cláusula, levarán consigo a perda da fianza definitiva, quedando inhabilitado/a para a adxudicación desta actividade con este Concello, sen prexuízo de que se lle puidesen esixir responsabilidades polos danos e prexuízos ocasionados.

19. GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS

A persoa adxudicataria virá obrigada a pagar todos os gastos derivados da publicación dos anuncios de licitación e, de ser o caso, doutros que se puidesen inferir por causa do obxecto do contrato ou en cumprimento da lexislación vixente, ata un máximo de 1.200 euros.

Asemade deberá pagar todos os impostos, contribucións, taxas e prezos públicos que recaian sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o seu obxecto.

20. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLAS PERSOAS LICITADORAS

A documentación presentada polas persoas licitadoras que non resulten adxudicatarios/as da autorización soamente será devolta previa petición escrita das respectivas empresas e realizarase á súa costa.

Transcorridos catro meses desde a adxudicación da autorización sen que fora solicitada a súa devolución, o Concello de Santiago procederá, no momento que corresponda, á súa destrución sen máis trámite.

CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO 0. "CADRO RESUMO DA AUTORIZACION"

1) OBXECTO DA AUTORIZACION DA OCUPACION DA VIA PUBLICA

1.1. É a utilización de bens de uso público do Concello de Santiago de Compostela, que comprenden única e exclusivamente a zona de parque da Alameda que se detalla en plano adxunto, para a instalación de barracas, carruseis e demais postos, elementos e xogos exclusivos e típicos de festa, durante as festas da Ascensión e do Apóstolo.

A enumeración anterior non terá carácter exhaustivo.

1.2. Dacordo co indicado no punto anterior, prohíbese expresamente que nos postos e barracas que se instalen se realice venda de animais, roupa, complementos e accesorios, así como produtos de alimentación, agás dos postos de lambetadas e repostería propias de festas.

1.3. Autorizase a instalación de barracas para pulperías. Autorízase a instalación de postos adicados á hostalaría. Os postos adicados á hostalaría no seu conxunto non ocuparán mais do dez por cento da superficie total cedida, sen considerar neste cómputo os postos adicados a pulperías.

O Concello será quen interprete calquera dúbida que se presentase sobre o obxecto da autorización.

2) PREZO DA AUTORIZACION

A cantidade a abonar ao Concello será, como mínimo, de 99.627,8 euros/ano, realizándose as ofertas á alza.

Esta cantidade equivalerá á taxa por ocupación do espazo público para as atraccións e demais postos de venda de acordo co disposto no artigo 24,1°, b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e, en consecuencia, non conleva I.V. E.

3) APLICACION ORZAMENTARIA

O importe da adxudicación irá en concepto de ingreso a partida orzamentaria do Excelentísimo Concello de Santiago indicada ao efecto.

4) PRAZO DE DURACION DA AUTORIZACION

A autorización para a ocupación da vía pública terá unha vixencia de dous anos, concedéndose o espazo da zona de parque da Alameda para as festas da Ascensión e do Apóstolo durante os anos 2018 e 2019.

CONCELLO DE SANTIAGO

A autorización poderá ser obxecto de prórroga por acordo expreso do órgano de contratación por outra anualidade máis (ano 2020), sendo tal prórroga obrigatoria para o adxudicatario, o amparo do disposto no art. 29 da LCSP.

Esta prórroga, de ser o caso, adoptarase cunha antelación mínima de 3 meses á data de celebración das festas da Ascensión no ano 2020, concretándose no acordo que se adopte, a extensión temporal da concesión para as festas da Ascensión e Apóstolo 2020.

A autorización durante o ano 2018 extenderase dende o 5 ata o 20 de maio de 2018 para as festas da Ascensión, e do 18 de xullo ata o 31 de xullo de 2018 para as festas do Apóstolo, e terá carácter improrrogable, sen prexuizo de que, por circunstancias sobrevidas de interese público, a Xunta de Goberno poida modificar ou deixar sen efecto a autorización antes do seu vencemento, nos termos expostos no punto 13 do prego de condicións xerais.

A autorización durante o ano 2019 extenderase dende o 25 de maio ata o 9 de xuño de 2019 para as festas da Ascension, e do 18 de xullo ata o 31 de xullo de 2019 para as festas do Apóstolo, e terá carácter improrrogable, sen prexuizo de que, por circunstancias sobrevidas de interese público, a Xunta de Goberno poida modificar ou deixar sen efecto a autorización antes do seu vencemento, nos termos expostos no punto 13 do prego de condicións xerais.

A montaxe e desmontaxe das instalacións farase como máximo durante o periodo de tres días anteriores a data de inicio do período de ocupación e dos dous posteriores, respectivamente, agás a noria, que se montará 10 dias antes, non podendo iniciar a actividade antes das datas indicadas neste prego.

En todos os casos as atraccións terán que estar montadas, como data límite, dous días antes do dia da Ascensión e do día 22 de xullo e non se poderán desmontar antes de que rematen as festas.

O prezo da licitación será inalterable independentemente do día que se instalen ou se desmonten as atraccións e instalacións.

O concesionario terá a abriga de abandonar e deixar libres e baleiros a dispor do Concellería o remate do prazo, os bens obxecto de utilización. En caso contrario o Concello ten a potestade de acordar e executar, de seu, o lanzamento.

5) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación será a favor da oferta económicamente máis ventaxosa para o Concello.

6) PRAZO E HORARIO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIONS

30 DIAS HÁBILES a contar dende o dia seguinte á publicación do anuncio de licitación no Boletin da Provincial de A Coruña, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

CONCELLO DE SANTIAGO

7) FORMA DE PAGAMENTO

Cada ano, o prazo para depositar o 50% do importe total do prezo da adxudicación finaliza dez días antes do inicio da autorización nas festas da Ascensión; e o 50% restante será depositado dez días antes do inicio da autorización nas festas do Apóstolo.

Os xustificantes dos citados pagamentos deberan ser entregados na Concelleria de Acción Cultural antes de proceder á montaxe de ningún tipo de instalación.

O incumprimento desta obriga poderá ser sancionado con 900 euros diarios de multa por cada dia e a resolución do contrato aos tres días de retraso.

CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO I

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D / Dª ,con domicilio en

e DNI (ou pasaporte que o substituia), actuando en nome propio (ou en representación de), toma parte na subasta para a autorización de ocupación de vía pública na Alameda de Santiago de Compostela, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2018-2019 e fai constar:

1. Que ofrece o prezo de _____ euros/ano, que supoñen _____ euros/ano de alza en relación co tipo de licitación

2. Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de condicións deste contrato

3. Que achega a documentación esixida no prego de condicións.

Lugar e data

A Persoa Licitadora

(asinado e rubricado)

CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO II

D./Dª_____ con DNI _____ e enderezo en _____ en nome propio ou en representación da empresa _____á que representa no procedemento de adxudicación da autorización de ocupación de vía pública na Alameda de Santiago de Compostela, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2018-2019 declara que nin a empresa nin os/as seus/súas administradores/as ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no artigo 71 e 141 da LCSP.

Asi mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten débedas pendentes co Concello de Santiago de Compostela.

(Lugar, data e sinatura da/do propoñente)

CONCELLO DE SANTIAGO

ANEXO III

(Modelo de Aval)

A entidade _____ con CIF _____ e domicilio en _____ e, no seu nome nome_____, con poderes suficientes para obrigarse neste acto.

AVALA

A _____, con NIF/CIF_____ para responder das obrigas derivadas do expediente / relativo á autorización da ocupación de vía pública na Alameda de Santiago de Compostela, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo 2018/2019 tramitado polo Concello de Santiago, en concepto de garantía _____ por importe de _____ euros.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos seguintes requisitos:

- Non se atopa en situación de mora frente a la Administración autorizante como consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais.
- Non se atopa en situación concursal
- Non ten suspendida nin extinguida a autorización administrativa para o exercicio da súa actividade

Este aval outorgase solidariamente respecto do obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primer requirimiento realizado polo órgano competente do Concello de Santiago de Compostela, ben por si ou a través da Caixa Xeral de Depósitos, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas, nas súas normas de desenvolvemento e na súa normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente Aval estará en vigor ata que o órgano de adxudicación do Concello de Santiago de Compostela ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para esa finalidade , autorice a súa cancelación ou devolución.

(Lugar, data e sinatura)